

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Anuncio retribucións, indemnizacións e asistencias

ANUNCIO

Corporación 2023-2027. Determinación de retribucións, indemnizacións e asistencias. Concello de Valdoviño.

En sesión plenaria de organización da nova Corporación, que se celebrou en data 29 de xuño de 2023, adoptouse acordo de determinación de retribucións, indemnizacións e asistencias, a proposta da presidencia da Corporación, do seguinte contido:

“De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, propono o Pleno do Concello de Valdoviño para a súa aprobación se procede da seguinte

PROPOSTA;

PRIMEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñasen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

- Por asistencia a Plenos: Cento cincuenta euros (150 euros) por sesión.
- Por asistencia á Xunta de goberno local, cen euros (100 euros) por sesión.
- Por asistencia a Comisións informativas e Mesas de contratación cen (100 euros) por Comisión e por Mesa.

SEGUNDO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servicio fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta.
- Media dieta, noutro caso.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servicio será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

TERCEIRO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo; sendo obxecto de exposición pública quince días para alegacións e entendéndose o acordo como definitivo de non presentarse alegacións”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, a 05 de xullo de 2023.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández